



Exposición de minerais na Escola de Enxeñaría. Imaxe: Duvi.

## Día Europeo dos Minerais na Escola de Enxeñaría de Minas de Vigo

Por [DUVI](#) | 18/09/2017

A Escola de **Enxeñaría de Minas** da UVigo súmase este ano á celebración do **Día Europeo dos Minerais** coa organización dun taller co que darlle a oportunidade á sociedade de Vigo e a súa contorna de aprender a identificar de xeito rápido e sinxelo os minerais máis comúns da natureza a partir das súas propiedades físicas. Será o vindeiro **venres 22 e sábado 23 de setembro**, coincidindo coa realización de múltiples eventos salpicados por toda Europa (portas abertas, visitas guiadas a minas e espazos rehabilitados, demostracións de seguridade...) e con el iniciarase unha nova oferta de talleres a través dos que se vertebrarán diferentes actividades de divulgación científica dirixidos sobre todo a atraer a atención do alumnado de ensino medio.

Haberá obradoiros gratuitos para dar a coñecer a ciencia dos minerais

“A idea deste primeiro taller é chegar ao **público menos familiarizado** co tema e fomentar nel o interese polos contidos propios da xeoloxía e o conxunto das **Ciencias da Terra**, xa que lamentablemente cada vez hai menos contidos nos plans de estudo actuais tanto da Ensinanza Secundaria Obrigatoria como de Bacharelato”, explica a directora da escola, Natalia Caparrini, especialmente satisfeita polo feito de que este curso a escola terá a oportunidade de estrear un **museo-exposición de minerais** aberto ao público no que, entre outras pezas, poderán contemplarse a colección de minerais e pedras preciosas cedida ao centro polos herdeiros do doutor Manuel de Sas de la Encina, un dos fundadores do hospital vigués de Povisa, ata onde agora estaba exposta a exposición. “A nosa intención é facer múltiples actividades divulgativas asociadas a esta colección, a primeira é este taller, pero tentaremos tamén organizar un concurso de bateo de ouro, visitas a minas, conferencias e feiras en torno ao mundo dos minerais”, recalcou a directora.

O **taller**, no que é necesario inscrición previa, inclúe unha **parte teórica e unha práctica** e o obxectivo é que todas as persoas que asistan aprendan, ademais dunha idea xeral sobre a clasificación e as diferentes propiedades físicas dos minerais, a recoñecer os máis comúns. “Trátase de que aprendan a identificalos a partir da simple inspección visual de mostras de man ou por medio de probas moi sinxelas”, recalca a directora da escola, ao tempo que aclara que as propiedades físicas máis útiles para a identificación mineral son cor, brillo, transparencia, hábito, dureza, raia, exfoliación e fractura.

“A **composición de minerais** está baseada na súa composición química e na súa estrutura interna e para identificalos acostuman empregarse técnicas de difracción de raios-X, análises químicas ou de microscopía óptica, non obstante existen unha serie de propiedades físicas que nos poden axudar a realizar identificación minerais moi fiables”, recalcou Caparrini.

As persoas interesadas en participar neste taller deben enviar un correo electrónico a [eme@uvigo.es](mailto:eme@uvigo.es) ou chamar ao teléfono 986 812 205.